



Información adicional

Os catro da Xunqueira é un espectáculo teatral, musical, didáctico e interactivo dirixido á infancia e terceira idade baseado na historia de tradición oral “Os catro amigos”, presente tanto na cultura galega como na universal. Nela Can, Boi, Gata e Galo foxen da cidade buscando o seu lugar nun rural despoboado.

A temática da peza vira sobre o **despoboamento rural e o vínculo que se establece entre mozos e maiores**. O espectáculo valora a experiencia e os coñecementos dos maiores así como a transmisión da **tradición oral** como fonte de sabedoría e achega aos mozos ao mundo rural como algo valioso, como unha aventura, como un novo mundo a descubrir cheo de posibilidades. A ambos en conxunto achégalles unha relación interpersonal e interxeracional pois o referente rural está presente na orixe de moitas familias como un pasado recente, do mesmo xeito que nos mozos a natureza é hoxe unha alternativa de lecer e ata vital en xeral. Aínda que a vida nos hábitats rurais é un elemento nunca ben definido pola sociedade no seu conxunto, pois esta ten un forte peso urbano, no rural estanse dando experiencias de poboamento e de poboación que combinan a tradición coas tecnoloxías máis avanzadas. Desta forma xérase non só unha alternativa de asentamento humano se non tamén unha alternativa de relación interpersonal así como unha renovación da forma de relacionarse do ser humano coa natureza.



O espectáculo exemplifica a unión de **modernidade e tradición** creando en directo unha batería armada con pipos de viño, serras, apeiros de labranza e botellas que soan mediante disparadores *midi*.

Os catro da Xunqueira é unha montaxe cunha duración dunha hora que integra **teatro, música, danza, a acrobacia, monicreques ou malabares** sempre ao servizo do espectáculo.

Estética cartoon creada por medio dunha escenografía, maquillaxe, vestuario e iluminación cunha atmosfera de conto, de debuxo animado.

Vestuario pintado a man, escenografía modular baseada en elementos inchables e elementos reais propios do rural, iluminación con cores intensas sobre chan gris e xogos con lámpadas e lanternas.

Toda a escenografía e os espazos créanse durante o espectáculo. Desta forma ante o público nace dunha pequena caixa de 50 cm unha **cidade inchable** dez veces maior con luz no seu interior que desaparece en segundos para dar paso ao espazo do rural creando unha adega con barrís, botellas, apeiros de labranza

Música en directo que fusiona instrumentos tradicionais con instrumentos urbanos e contemporáneos. Xogos e investigación con instrumentos non musicais: barricas de viño, apeiros, ferramentas...Música con instrumentos cotiáns.

Participación activa do público por medio de interactividades musicoterapéuticas e de experimentación sensorial. Por medio da creación de paisaxes sonoras, atmosferas táctiles, ou estímulos olfactivos, o espectáculo pretende conseguir obxectivos terapéuticos como a estimulación da memoria, a coordinación psicomotriz e o incremento da capacidade de atención.

